

Áxil e recomendable

Viziinos e a moderna literatura grega

Xosé Feixo, *Faro de Vigo*, 17 de febreiro de 2022

Comentamos hoxe outra novela curta publicada por Hugin e Munin, como de costume escollida con acerto; ademais, a tradución do grego, de Alfonso Blanco, necesariamente boa, gañou o III Premio Realía de Tradución Literaria. Trátase de *As consecuencias da vella historia*, de Georgios Viziinos, publicada en 1884, na revista *Aleteia*. Viziinos (1849-1896) foi tamén poeta, e o feito de publicar naquela revista condicionou a medida das súas narracións, moi ben adaptadas ás circunstancias, innovadoras e costumistas, polas que chegou a ser considerado un dos principais representantes da moderna literatura grega, e de notable influencia nos escritores que o sucederon, e, de feito, a crítica tradicional considéao o introdutor do relato costumista na literatura neohelénica a partir da publicación de *O pecado da miña nai*, en 1883. Tivo unha vida moi axitada e convulsa, infeliz e desgraciada, con notables altibaixos: foi mozo, xastre, empresario arruinado, profesor de secundaria e de universidade, de nula constancia e marcada inestabilidade mental, o que o levou finalmente a ser internado nun psiquiátrico, onde morreu, non sen antes terse namorado dunha nena de catorce anos pola que tamén se volveu tolo (precisamente o tema desta novela: a tolemia por amor, pola paixón insatisfeita e o sufrimento psíquico e espiritual que produce, cos problemas engadidos de percepción da realidade e da propia personalidade). O recoñecemento como grande e orixinal escritor chegoulle despois de morto, perdido parte do lastre que o afundía (a súa grande erudición e cultura, non ser nacionalista e militarista, e escribir nunha variante que non triunfou e quedou relegada). De lectura rápida, áxil e recomendable.